

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo co calendario establecido pola Xunta Electoral, o próximo **día 28**, luns, en horario de **13,30 a 18,00 horas**, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Recordamos que para participar na referida votación, procederase da seguinte forma:

### 1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

### 2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector **deberá marcar cunha cruz 1 nome** da candidata ou candidato relacionados, e deberá acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación, procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Centro anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo **luns, 28 de novembro**, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Culleredo, 25 de novembro de 2022

A DIRECTORA DO CENTRO



Asdo.. Eladía Cabanas Fernández